

1. Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	IES Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023-2024

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CM19001	Coidados Auxiliares de Enfermaría	Medio	Proba libre

1.3 Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
	Hixiene do medio hospitalario e limpeza do material	1º	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

1.4 Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	Carmen Álvarez Villalain/ Belén Rey Nimo
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	
Diferenciar os compoñentes da unidade do paciente e analiza-las condicións hixiénico- sanitarias que debe cumprir , describindo métodos e as técnicas para conseguilas. Realiza-la preparación de berces e incubadoras segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.	
Aplicar técnicas de limpeza e desinfección ós materiais e instrumentos utilizados na asistencia sanitaria.	
Esterilizar os materiais e instrumentos sanitarios, realiza-los controis correspondentes e almacenar adecuadamente o material estéril.	
Utiliza-las medidas de illamento necesarias segundo a situación, estado e idade do paciente.	
Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias, actuando sobre a transmisión de enfermidades.	
Selecciona-los medios e técnicas en función do tipo de mostra biolóxica a recoller e aplicar a técnica de recollida adecuada ó estado e idade do paciente ou cliente.	
Realizar e elimina-los refugallos clínicos segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.	

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
▪ Describe a unidade do paciente, e as súas condicións ambientais.
▪ Coñece a cama hospitalaria e os diferentes tipos de camas
▪ Clasifica e Identifica os distintos materiais cirúrxicos e clínicos
▪ Describe a composición do carro de curas
▪ Describe as técnicas de limpeza e desinfección do material e instrumental non rexeitable utilizado na consulta médica ou odontolóxica,
▪ Describe as distintas técnicas de esterilización e o seu uso
▪ Identifica que o proceso de esterilización foi o correcto para cada procedemento, mediante os controis físicos, químicos e biolóxicos correspondentes.
▪ Describe as enfermidades transmisibles e as enfermidades hospitalarias
- Coñece a cadea epidemiolóxica
▪ Identifica as técnicas de prevención de enfermidades
▪ Identifica os distintos tipos de illamento en función da patoloxía do paciente
▪ Explica e as técnicas de hixiene e toma as precaucións necesarias para cada tipo de illamento
▪ Identifica as técnicas e medios para a recollida de mostras e o seu transporte adecuado
▪ Identifica os distintos tipos de residuos clínicos e a súa segregación

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)
Diferenciar os compoñentes da unidade do paciente e analizar as condicións hixiénico- sanitarias que debe cumprir , describindo métodos e as técnicas para conseguilas. Realizar a preparación de berces e incubadoras segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.
Aplicar técnicas de limpeza e desinfección ós materiais e instrumentos utilizados na asistencia sanitaria.
Esterilizar os materiais e instrumentos sanitarios, realiza-los controis correspondentes e almacenar adecuadamente o material estéril.
Utilizar as medidas de illamento necesarias segundo a situación, estado e idade do paciente.
Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias, actuando sobre a transmisión de enfermidades.
Seleccionar os medios e técnicas en función do tipo de mostra biolóxica a recoller e aplicar a técnica de recollida adecuada ó estado e idade do paciente ou cliente.
Realizar e elimina-los refugallos clínicos segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
<ul style="list-style-type: none"> Realiza os diferentes tipos de camas hospitalarias, Aplicar técnicas para face-la cama hospitalaria: desocupada, ocupada e cirúrxica.
<ul style="list-style-type: none"> Prepara axeitadamente berces e incubadoras.
<ul style="list-style-type: none"> Clasifica e identifica o material clínico e cirúrxico segundo o seu uso
<ul style="list-style-type: none"> Prepara o carro de curas co material necesario
<ul style="list-style-type: none"> Realiza a limpeza e desinfección do material e instrumental non rexeitable utilizado na consulta médica ou odontolóxica
<ul style="list-style-type: none"> Realiza a esterilización polos diferentes métodos e equipos habituais no servizo, dependendo das características do material.
<ul style="list-style-type: none"> Verifica que o proceso de esterilización (tempo e temperatura), secado e aireado, foi o correcto para cada

procedemento, mediante os controis físicos, químicos e biolóxicos correspondentes.
<ul style="list-style-type: none">▪ Resolve casos prácticos identificando os eslavóns da cadea epidemiolóxica
<ul style="list-style-type: none">▪ Realiza as técnicas de prevención de enfermidades
<ul style="list-style-type: none">▪ Realiza as técnica de hixiene necesarias e toma as medidas de prevención específicas para cada tipo de illamento en función do mecanismo de transmisión da enfermidade
<ul style="list-style-type: none">▪ Realiza as técnicas de recollida de mostras biolóxicas
<ul style="list-style-type: none">▪ Realiza a recollida dos distintos tipos de residuos sanitarios e a súa correspondente segregación e tratamento

3. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles:

Son mínimos esixibles os que veñen recollidos no RD 546/1995, de 7 de abril (BOE do 5 de xuño de 1995), e no Decreto 61/1999, do 18 de febreiro (DOG do 22 de marzo de 1999), polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en coidados auxiliares de enfermaría, e que se corresponden cos criterios de avaliación recollidos nos apartados 2.1.2 e 2.2.2 desta programación didáctica.

A probas libres do módulo constan dunha primeira **proba teórica** e unha segunda **proba práctica**. Cada unha delas terá carácter eliminatorio, de forma que, de non superar a primeira proba, non se realizará a segunda. A primeira proba será unha proba escrita, composta de preguntas tipo test e/ou preguntas abertas. Na segunda proba cada cuestión será valorada segundo o indicado no enunciado de cada pregunta, e consistirá na resolución de varios supostos prácticos. As persoas aspirantes deberán superar as dúas probas por separado.

A cualificación de cada proba será numérica, entre 1 (un) e 10 (dez), sen decimais (aplicárase o redondeo matemático). Será preciso un mínimo de 5 (cinco) puntos para superar cada proba e acadar a avaliación positiva do módulo. A cualificación final obtida para cada aspirante será numérica, entre 1 (un) e 10 (dez), sen decimais, correspondendo coa media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada en números enteiros e redondeada a unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación final que poderá asignarse será, como máximo, de 4 (catro) puntos.

Criterios de cualificación:

Primeira parte da proba. Proba teórica.

Resolución en tempo e forma dun cuestionario que incluíra preguntas tipo test (con varias alternativas de resposta, sendo só unha delas completamente correcta) e/ou preguntas abertas. Poden incluírse imaxes

As respostas incorrectas puntuarán negativo, cunha proporción 2:1 (é dicir, por cada dúas respostas erróneas anularase unha correcta).

As preguntas sen contestar non serán contabilizadas.

No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas.

As preguntas curtas e definicións indicarán o valor de cualificación no encabezado.

Para superar esta primeira proba haberá que acadar unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos, logo de descontar os erros.

As persoas aspirantes disporán dun máximo de 120 minutos para a súa realización.

O material necesario para a súa realización é bolígrafo negro ou azul.

Deberán cumprirse as instrucións xerais indicadas no apartado 3 desta programación didáctica.

Segunda parte da proba. Proba práctica

Consistirá na realización de protocolos prácticos e/ou a resolución de supostos prácticos que estarán relacionados cunha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Os supostos poderán contar con preguntas tipo test, de verdadeiro falso, de resposta curta ou de desenvolver na aula taller e cualificaranse mediante lista de cote-

xo

Terase en conta, entre outros ítems, as habilidades na simulación do procedemento requirido; a limpeza e orde no traballo; o uso racional do material, instrumental e equipos; o desenvolvemento dos protocolos requiridos...

Para superar esta proba haberá que acadar unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos.

As persoas aspirantes disporán dun máximo de 120 minutos para a súa realización.


O material necesario para a súa realización é bolígrafo negro ou azul.

Deberán cumprirse as instrucións xerais indicadas no apartado 3 desta programación didáctica.

A cualificación do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas

Os contidos a partires dos cales se logran son os que se indican:

- Estrutura xeral e composición da unidade do paciente.
- Factores ambientais.
- Instalacións e equipos en función do tipo de servizo.
- Tipos de camas hospitalarias. Accesorios.
- Roupa da cama.
- Berces e incubadoras.
- Material quirúrxico, material de plástico, metálico e de vidro, aparellos e carros de curas
- Material refugable e non refugable. Limpeza de material sanitario: manual e mecánica.
- Verificación do proceso de limpeza e acondicionamento do material limpo.
- Aplicación de técnicas de limpeza: material quirúrxico, material de plástico, metálico e de vidro, aparellos e carros de curas.
- Principios básicos e dinámica da desinfección.
- Métodos de desinfección: físicos e químicos. Mecanismos de acción de desinfectantes.
- Utilización de desinfectantes.
- Aplicación dos métodos físicos de desinfección
- Principios básicos e dinámica da esterilización.
- Métodos de control de esterilización: mecánicos, químicos, biolóxicos.
- Métodos de esterilización: físicos e químicos.
- Valoración da importancia do proceso de esterilización.
- Rigor na aplicación das técnicas de esterilización.
- Responsabilidade na prevención de enfermidades transmisibles.
- Hábito de utilización das técnicas básicas de hixiene.
- Infección e enfermidade transmissible. Cadea epidemiolóxica. Prevención de enfermidades transmisibles.
- Infeccións hospitalarias.
- Enfermedades susceptibles de illamento. Tipos de illamento.
- Aplicación de técnicas de illamento: hospitalario e domiciliario.
- Tipos de mostras biolóxicas
- Recolleita de mostras biolóxicas. Manipulación, transporte conservación e eliminación.
- Recolleita e eliminación de refugallos clínicos
- Tipos de mostras biolóxicas. Técnicas de recolleita e de eliminación.
- Tipos de refugallos clínicos.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Características da proba:

A proba escrita versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación.

Resolución en tempo e forma dun cuestionario que incluírá preguntas tipo test (con varias alternativas de resposta, sendo só unha delas completamente correcta) e/ou preguntas abertas. Poden incluírse imaxes

As respostas incorrectas puntuarán negativo, cunha proporción 2:1 (é dicir, por cada dúas respostas erróneas anularase unha correcta).

As preguntas sen contestar non serán contabilizadas.

No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas.

As preguntas curtas e definicións indicarán o valor de cualificación no encabezado.

Para superar esta primeira proba haberá que acadar unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos, logo de descontar os erros.

As persoas aspirantes disporán dun máximo de 120 minutos para a súa realización.

O material necesario para a súa realización é bolígrafo.

Deberán cumprirse as instrucións xerais indicadas no apartado 3 desta programación didáctica.

4.2 Segunda parte da proba

Características da proba:

Realización de protocolos prácticos e/ou elaboración de supostos prácticos sobre procedementos de hixiene do medio hospitalario e limpeza do material

Para a execución dos protocolos pode ser necesario material clínico que estará a disposición na aula-taller.

Valorarase cada protocolo ou suposto práctico cun máximo de 10 puntos sendo necesario acadar un 5 sobre 10 en cada un dos supostos para obter a cualificación de 5 puntos .

Os protocolos prácticos serán cualificados mediante lista de cotexo

As persoas aspirantes disporán dun máximo de 120 minutos para a súa realización

O material necesario para a súa realización e bolígrafo negro ou azul

INSTRUCCIÓNS XERAIS:

1- Rógase máxima puntualidade e infórmase que, unha vez comezada a proba, ningún poderá acceder á aula.

2- Se algunha persoa aspirante necesita dun certificado de asistencia, solicitarao ao profesorado antes de comezar a proba.

3- Será necesaria a identificación da persoa aspirante, mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.

4- Para o acceso á aula-taller onde se realicen as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos (smartphone, smartwatch...). O uso destes dispositivos durante a proba será motivo de expulsión.

5- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.

6- Os bolsos, mochilas, libros, apuntamentos... gardaranse antes de comezar as probas, no lugar indicado polo profesorado.

7- Sobre a mesa, soamente estará permitido o material necesario e indicado para a realización dos exercizos, ademais do documento identificativo.

8- Poderase comezar o exame no mesmo intre en que sexa entregado. Pode haber varios modelos de exame, que se repartirán aleatoriamente entre as persoas aspirantes que se presenten ás probas.

9- Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas. Empregarase bolígrafo, de tinta azul ou negra.

10- Escribírase con letra clara e lexible. As respostas ilexibles ou dúbidasas consideraranse incorrectas. Para contestar ás preguntas abertas non se permite o uso de siglas ou abreviaturas..

11- As preguntas que aparecen catalogadas como "preguntas de reserva" serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións de preguntas. Non teñen efectos de cualificación en primeira instancia, pero en caso de anulación de preguntas servirán para o cómputo da nota.

12- A persoa aspirante que sexa sorprendida copiando, falando ou molestado durante a realización das probas, será expulsada inmediatamente e obterá a cualificación de 1 (un) punto.

13- Unha vez rematada a proba, cada aspirante entregará toda a documentación entregada e producida durante as probas (está prohibido sacar da aula calquera destes documentos) e abandonará a aula, respectando o silencio necesario para a realización da

proba por parte do resto de persoas aspirantes